Problema305: Razoar que tipo de enlace ou forza de atracción rompe ao:
a) Fundir bromuro de litio.
b) Fundir monóxido de calcio.
c) Disolver bromo molecular en tetracloruro de carbono.
d) Evaporar auga.

a) Fundir bromuro de litio.

Ao fundir bromuro de litio que forma unha rede cristalina iónica rompen as interaccións que os ións establecen entre si na rede cristalina, mantéñense os ións, pero estes ións xa non están ordenados na rede cristalina. Rompen as interaccións electrostáticas entre os ións.

b) Fundir óxido de calcio.

Ao fundir óxido de calcio que forma unha rede cristalina iónica rompen as interaccións que os ións establecen entre si na rede cristalina, mantéñense os ións, pero estes ións xa non están ordenados na rede cristalina. Rompen as interaccións electrostáticas entre os ións.

c) Disolver bromo molecular en tetracloruro de carbono.

No bromo, que é unha molécula covalente apolar, ao disolvela nun disolvente apolar como o tetracloruro de carbono rompen as forzas de interacción entre as moléculas, estas forzas chámanse forzas de dispersión ou de London.

d) Evaporar auga.

Ao evaporar auga rompen as interaccións que manteñen as moléculas de auga asociadas no líquido, estas forzas coñecémolas como enlace de hidróxeno.